

Expediente IET: P-20-550
Proxecto: Parque eólico Reboiro
Concellos: Baralla, Castroverde e O Corgo (Lugo)
Promotor: Green Capital Power, S.L

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 15/02/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Reboiro.

1. Antecedentes:

Con data do 02/11/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e indicábanse distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Reboiro, de 49,5 MW, composto por 11 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control, zonas de provisión e unha torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura da buxa de 121 metros e 158 metros de diámetro de



rotor. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 5.072 m dun total de 12.026 m.

O estudo de impacto ambiental de setembro de 2021 inclúe un EIIP como documento específico (Anexo IX) no que se fai unha descrición das características principais do proxecto, unha diagnose do estado actual da paisaxe, a análise da visibilidade, valorando por último os impactos e determinando unha serie de medidas de integración paisaxísticas.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Luguesas, nas comarcas paisaxísticas de Lugo e Sarria – Terra de Lemos. As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo. As máis próximas, a AEIP-01-07 A Marronda, O Ribón e Monte Grande, e a AEIP-01-11 Cruzul-Agüeira, sitúanse a uns 11,5 km ao nordés e sueste, respectivamente. No relacionado cos miradoiros, os máis próximos son o miradoiro da Pedreira-2, situado a unha distancia de 5,6 km ao suroeste, e o de Pena Maior, a uns 9,8 km en dirección sueste, na mesma dirección atópase o miradoiro A Meda-Triacastela a 13,2 km, máis arredado sitúase o de Monte do Páramo a 19,5 km ao suroeste. En relación a outros elementos, cabe mencionar que o Camiño do Norte Interior do Camiño de Santiago discorre a uns 8 km ao norte do parque, namentres que a uns 15 km ao sur aparece o Camiño Francés. Así mesmo, o PR-G Sendeiro “Muíños do Nacente” sitúase a uns 2 km ao norte do aeroxerador máis próximo. Ademais, na contorna existen distintos elementos do patrimonio arqueolóxico dispersos polo ámbito do parque. Cabe destacar que algúns dos aeroxeradores localízanse en ámbitos de visibilidade alta dende zonas de gran potencial de vistas de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, como é o caso da posición RE-4.

O proxecto localízase nunha zona de relevo ondulado, conformado por montes de cumios chairas e pendentes moderadas onde predominan as plantacións de especies forestais de aproveitamento madeireiro, intercalándose entre elas zonas de matogueiras e pasteiros vinculados ás explotacións gandeiras da comarca. Os núcleos rurais aparecen dispersos pola contorna rodeados dun mosaico agrario de cultivos e pastos coas parcelas delimitadas por sebes vexetais e alternando con masas de frondosas autóctonas e cultivos forestais. Os núcleos máis próximos atópanse a escasos 600m, aparecendo a 3 km ao sueste o núcleo de Baralla e na mesma dirección a 12 o de Becerreá. As principais vías de comunicación ao redor do parque son a autoestrada A-6, a estrada nacional N-VI, que discorren ao sur do proxecto, e as provinciais LU-P-1201, LU-P-1211 e a LU-P-0502.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha diagnose do estado actual da paisaxe analizando os seus valores e determinando o grao de fragilidade e calidade visual do ámbito. Leva a cabo un estudo da visibilidade de cada aeroxerador nun radio de 15 km e dende algúns núcleos da contorna, elementos do patrimonio, ruta de sendeirismo e vías de comunicación, ao tempo que achega infografías dende estes puntos singulares. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos sobre os elementos da paisaxe durante a fase de construción, funcionamento e abandono. Establece por último unha serie de medidas de integración paisaxística.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 47,3 % da superficie da envolvente de 15 km. Os aeroxeradores serán visibles dende as AEIP e miradoiros da contorna, así como dende sendeiros e rutas do Camiño de Santiago. Se ben a maior incidencia producírase sobre os numerosos núcleos de poboación situados nas proximidades dos aeroxeradores, algúns deles a curtas distancias.



O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades, o que provocará que na maior parte da superficie da envolvente de 15 km sexa visible algún aeroxerador.

Outros impactos importantes son a posible eliminación de sebes e masas arbóreas autóctonas situadas nas marxes dos camiños a acondicionar, como é o caso do tramo que discorre dende a posición RE-6 cara o noroeste, así como de valados tradicionais. Ademais a subestación e o edificio de control tamén poden producir impactos visuais a curtas distancias toda vez que se tratan de elementos alleos á paisaxe agraria na que se introducen.

En canto as medidas preventivas e correctoras previstas no EIIP, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberán ser completadas co indicado no seguinte punto.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este deberá completarse, de acordo co disposto no artigo 11.2.d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do RLPPG, coa xustificación de como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción das mesmas.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual, pois os aeroxeradores, pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o período de explotación do parque, e se verá incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos máis próximos. Esta incidencia visual non supón un impacto crítico, pero é susceptible de ser mitigada, no que atinxe aos núcleos rurais; neste sentido, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

Ademais, o proxecto pode producir outros efectos sobre elementos compositivos da paisaxe, para os cales se deberán adoptar as seguintes medidas:

- No relacionado cos valados tradicionais dende a posición RE-6 cara o noroeste, consonte co disposto no artigo 29.d do RLPPG, deberá analizarse a incidencia sobre os mesmos así como sobre as aliñacións de árbores ou masas de interese que se poidan ver afectadas. Coa finalidade de minimizar a incidencia sobre os citados valados, concretaranse os posibles cambios no trazado dos camiños se servizo, achegándose un plano a escala axeitada no que tamén se identifiquen as sebes e muros que se pretenda eliminar ou repoñer.



- Respecto a subestación, dada a súa localización ao carón de camiños e núcleos de poboación, dispórase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o. A localización desta pantalla, así como as especies empregadas, deberá quedar concretada no EIIP.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto as medidas de integración paisaxística, como é a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

